

# CONTAS ECONÓMICAS ANUAIS. Revisión estatística 2024.

## METODOLOXÍA

---

### 1. Obxectivos e utilidades

Contas Económicas Anuais é unha operación estatística cuxa meta de información está recollida no Plan Galego de Estatística, en concreto na sección 3.9. *Sistema de Contas*. O obxectivo xeral é consolidar o coñecemento da economía galega, describir a súa evolución, as súas compoñentes e a relación con outras economías.

O Programa estatístico anual da Comunidade autónoma concreta o obxectivo das Contas Económicas Anuais indicando como tal ofrecer unha representación cuantificada da realidade económica galega, que sexa completa, sistemática, sinxela e detallada. Engade, que se pretende achegar información da estrutura total da economía, afondar en aspectos específicos desta e seguir o desenvolvemento no tempo das macromagnitudes económicas.

Dado que a realidade económica que se pretende describir é cambiante, a súa cuantificación require adaptar os correspondentes instrumentos estatísticos, tanto as estatísticas básicas como as estatísticas de síntese que se obteñen a partir das primeiras, entre as que se atopan as contas económicas. A "Revisión Estatística 2024" (RE24) cumpre esta misión. Trátase dunha *revisión extraordinaria regular* das contas económicas realizada por criterios estatísticos: incorporación de novas fontes de información e mellora nos procedementos internos de estimación. Non se introducen cambios metodolóxicos (o Sistema Europeo de Contas 2010 segue vixente) nin nas clasificacións estándar (as ramas de actividades seguen a definirse consonte á Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009).

A denominación de "revisión extraordinaria regular" provén do termo "benchmark revision" ou "major regular revision" acuñados pola oficina estatística da Comisión Europea (Eurostat)<sup>1</sup>. A RE24 na Unión Europea é unha revisión estatística coordinada,

---

<sup>1</sup> Véxase EUROSTAT (2019): "*Practical guidelines for revising ESA 2010 data*". 2019 edition. No capítulo 4 e 5 define os tipos de revisión dos datos. Pode consultarse en <https://ec.europa.eu/eurostat/documents/3859598/9530664/KS-GQ-18-012-EN-N.pdf>

coa que Eurostat procura harmonizar os cambios de base contable nas contabilidades nacionais dos Estados Membros<sup>2</sup>, realizada simultaneamente coas estatísticas financeiras e de balanza de pagos que realiza o Banco Central Europeo. A implementación destas revisións deben realizarse nos anos rematados en "4" e en "9", isto é, en 2024 debe realizarse un cambio de base harmonizado.

A nova terminoloxía fai que xa non se fale de "cambios de base" porén a motivación é a mesma: as estatísticas de síntese deben recoller as melloras das fontes de datos así como as melloras nos procedementos de estimación dun xeito sistemático e coherente. Para recoller estes cambios sen afectar á homoxeneidade e á comparabilidade temporal dos datos deben introducirse nun momento de tempo determinado e revisar as series estatísticas.

Coa publicación das operacións do sistema de contas económicas o Instituto Galego de Estatística cumpre cos requirimentos de Eurostat para os Estados membros.

No ano 2013 aprobouse o Sistema Europeo de Contas, SEC-2010, o que supuxo que as metodoloxías nas estimacións das contas económicas sufriran cambios para adaptarse ás novas definicións e conceptos. Ao igual que no caso do predecesor SEC-95, a actual metodoloxía foi aprobada por regulamento do Parlamento Europeo e o Consello da UE, a proposta da Comisión Europea. Na motivación do dito regulamento hai algúns aspectos especialmente salientables para unha economía rexional, reflectidos no texto introdutorio ao mesmo, e en particular:

- Sinálase que os cidadáns necesitan unhas contas económicas como ferramenta básica para analizar a situación económica dun Estado membro ou rexión
- Incide na conveniencia de pór en valor a importancia das contas rexionais dos Estados membros para as políticas de cohesión rexional, económica e social da Unión, así como para a análise das interdependencias económicas

No caso concreto das contas económicas anuais de Galicia, os resultados permiten:

- Coñecer a evolución da economía galega, non só para o agregado Produto Interior bruto (PIB), senón para as compoñentes deste polas tres vías (oferta, demanda e rendas).

---

<sup>2</sup> Véxase <https://ec.europa.eu/eurostat/web/esa-2010/data-revision>

- Coñecer a estrutura produtiva da economía galega (perspectiva de oferta) xa que ofrece información para 72 ramas de actividade, das variables recollidas na conta de produción (valor engadido xerado por cada rama ou sector, por exemplo).
- Coñecer a achega da demanda interna e externa ao PIB (perspectiva da demanda). Achégase información de importacións e exportacións, así como das compoñentes da demanda interna (gasto en consumo final e formación bruta de capital)
- Coñecer a remuneración aos factores produtivos (perspectiva das rendas). Permite coñecer que parte do PIB se destina a remuneración de asalariados, por exemplo.
- Coñecer o emprego asociado á cada rama de actividade económica en Galicia, a súa evolución e a relación con outras variables macroeconómicas. As contas económicas anuais achegan información da produtividade do factor traballo, da remuneración por asalariado, por exemplo.
- Coñecer a achega dos "sectores característicos" da economía galega en cada período, e a evolución da mesma.

## **2. Ámbito de investigación**

### **Ámbito xeográfico**

O ámbito xeográfico é Galicia. A economía rexional está formada por todas as unidades institucionais que teñen un centro de interese no territorio económico de Galicia.

O territorio económico está constituído esencialmente polo territorio xeográfico, aínda que non coincide exactamente con este.

Un centro de interese económico indica que desde o territorio económico existe un lugar desde o que se realizan operacións económicas (SEC-2010 2.04 e seguintes).

### **Ámbito temporal**

O período de referencia da información de base e dos resultados é o ano natural.

### 3. Definicións e aspectos metodolóxicos

#### 3.1. Definicións

As contas económicas de Galicia elabóranse seguindo os principios metodolóxicos do Sistema Europeo de Contas SEC-2010, Regulamento do Consello da Unión Europea que establece a obrigatoriedade dos Estados membros de seguir os seus conceptos, métodos e criterios coa finalidade de describir unha economía no seu conxunto, as súas compoñentes e as súas relacións con outras economías. Para un estudo detallado dos mesmos é recomendable consultar o manual SEC-2010, non obstante, a continuación defínense os principais conceptos incluídos na presente publicación:

**Produción<sup>3</sup>:** é unha actividade realizada baixo o control e a responsabilidade dunha unidade institucional que utiliza man de obra, capital e bens e servizos para producir outros bens e servizos.

A produción inclúe, independentemente de que sexan actividades ilegais ou ocultas, os seguintes casos:

- A produción de todos os bens e servizos individuais ou colectivos subministrados a unidades distintas dos seus produtores
- A produción por conta propia daqueles bens que son consumidos polos propios produtores dos bens ou que incrementan os seus activos (por exemplo, a construción de vivendas por conta propia)
- A produción por conta propia de servizos de aluguer das vivendas ocupadas polos seus propietarios
- Os servizos domésticos e persoais producidos polo persoal doméstico remunerado
- As actividades de voluntariado (non remuneradas) que producen bens.

---

<sup>3</sup> Ver SEC-2010, 3.07 e seguintes

**Consumos intermedios<sup>4</sup>:** representan o valor dos bens e servizos consumidos como insumos nun proceso de produción. Non se inclúen os activos fixos, cuxo consumo debe rexistrarse como consumo de capital fixo.

**Valor engadido bruto (VEB):** é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. A suma dos valores engadidos brutos, máis os impostos netos de subvencións sobre os produtos, dan como resultado o Produto Interior Bruto polo lado da oferta.

**Remuneración de asalariados<sup>5</sup>:** comprende toda a remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en:

- Soldos e salarios, xa sexan en efectivo ou especie
- Cotizacións sociais a cargo dos empregadores

**Impostos sobre a produción e as importacións<sup>6</sup>:** son pagamentos obrigatorios sen contrapartida, recadados polas administracións públicas, que gravan a produción e as importacións de bens e servizos, a utilización de man de obra, a propiedade ou o uso da terra, edificios e outros activos utilizados na produción. Divídense en:

- Impostos sobre os produtos: impostos que hai que pagar por cada unidade producida ou distribuída dun determinado ben ou servizo. Pode consistir nunha cantidade específica por unidade de ben ou servizo, ou pode calcularse como un porcentaxe específico do prezo ou valor do ben. O Imposto sobre o valor engadido (IVE) ou os impostos especiais son os exemplos máis sobranceiros deste epígrafe.
- Outros impostos sobre a produción: impostos que soportan as unidades institucionais como resultado da súa participación na produción, independentemente da cantidade ou do valor dos bens e servizos producidos ou vendidos.

**Subvencións:** son pagamentos correntes sen contrapartida que as administracións públicas ou as institucións da Unión Europea efectúan aos produtores residentes

---

<sup>4</sup> Ver SEC-2010, 3.88 e seguintes

<sup>5</sup> Ver SEC-2010, 4.02 e seguintes

<sup>6</sup> Ver SEC-2010, 4.41 e seguintes.

coa finalidade de influír nos seus niveis de produción, nos seus prezos, ou na remuneración dos factores de produción. Divídense en:

- Subvencións aos produtos: subvencións por unidade dun ben ou servizo producido ou importado.
- Outras subvencións á produción: comprenden as subvencións, distintas das anteriores, que poden recibir as unidades de produción residentes como consecuencia da súa participación na produción.

**Excedente de explotación bruto (EEB)/ renda mixta:** corresponde á renda que obteñen as unidades da utilización dos seus propios activos de produción. É o saldo da conta de explotación. No caso das empresas non constituídas en sociedades correspondentes ao sector fogares fálase de renda mixta.

**Servizos de intermediación financeira medidos indirectamente (SIFMI)<sup>7</sup>:** son os servizos prestados polos intermediarios financeiros que non cobran de maneira explícita aos seus clientes, senón que o cobro do servizo está incluído nos intereses que obteñen e que pagan, de xeito que os tipos de interese que pagan aos seus acredores son máis baixos dos que cobran aos prestatarios.

**Gasto en consumo final<sup>8</sup>:** consiste no gasto realizado polas unidades institucionais residentes en bens e servizos que se utilizan para satisfacer directamente as necesidades *individuais*, ou as necesidades *colectivas* dos membros da comunidade. Este gasto pode realizarse no territorio económico ou no resto do mundo.

**Consumo final efectivo:** comprende os bens e servizos adquiridos por unidades institucionais residentes para a satisfacción directa das necesidades humanas, xa sexan estas individuais ou colectivas. Os bens e servizos para consumo individual son adquiridos por un fogar e utilizados para satisfacer as necesidades e carencias dos membros do mesmo. Os servizos para consumo colectivo préstanse de forma simultánea a tódolos membros da comunidade ou dunha parte específica desta.

Todo o gasto en consumo final dos fogares é individual. Todos os bens e servizos subministrados polas Institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares (ISFLSF) considéranse individuais.

---

<sup>7</sup> O novo SEC inclúe un capítulo dedicado ao SIFMI no que se detalla a súa definición e o seu cálculo. Ver capítulo 14 do SEC-2010

<sup>8</sup> Ver SEC-2010, 3.94 e seguintes

**Formación bruta de capital<sup>9</sup>:** comprende as adquisicións menos as cesións de activos fixos realizadas polos produtores residentes (formación bruta de capital fixo) e o valor das entradas en existencias, menos o valor das saídas e o valor de calquera perda corrente dos bens mantidos en existencias (variación de existencias).

**Exportacións e importacións:** as exportacións consisten en operacións mediante as que os residentes subministran bens e servizos aos non residentes, mentres que nas importacións son os non residentes os que subministran bens e servizos aos residentes.

**Produto interior bruto (PIB):** é o resultado da actividade produtiva das unidades de produción residentes.

Nas contas económicas anuais estímase o PIB por tres vías: oferta, demanda e rendas.

- Suma do valor engadido bruto (VEB) das ramas de actividade, máis os impostos netos de subvencións sobre os produtos (oferta).
- Suma da demanda final de bens e servizos das unidades institucionais residentes máis o saldo exterior de bens e servizos (demanda).
- Suma da remuneración de asalariados, impostos sobre a produción e as importacións netos de subvencións, renda mixta e excedente de explotación bruto (rendas).

**Persoas<sup>10</sup>:** comprende tódalas persoas, tanto asalariados como traballadores autónomos, que realizan unha actividade produtiva incluída dentro da fronteira da produción do sistema. Polo tanto, este concepto de emprego definido no SEC difire basicamente do utilizado nas estatísticas de forza de traballo en que inclúe o emprego dos non residentes que traballan en Galicia e exclúe o emprego dos residentes en Galicia que traballan fóra.

**Asalariado:** toda persoa que, mediante un acordo, traballa para outra unidade institucional residente e recibe unha remuneración.

---

<sup>9</sup> Ver SEC-2010, 3.122 e seguintes

<sup>10</sup> No capítulo 11 do SEC-2010 poden consultarse as definicións relacionadas co emprego: persoas, asalariado, emprego non asalariado, postos de traballo, postos de traballo equivalentes a tempo completo, etc.

**Traballador autónomo (emprego non asalariado):** son os propietarios ou copropietarios das empresas non constituídas en sociedade nas que traballan.

**Posto de traballo:** defínese como un contrato explícito ou implícito entre unha persoa e unha unidade institucional residente, para realizar un traballo a cambio dunha remuneración (inclúe a renda mixta dos traballadores autónomos) durante un período definido ou indefinido de tempo.

O concepto de posto de traballo difire do concepto de emprego, nos seguintes aspectos:

- a) Inclúe o segundo, terceiro,... posto de traballo que ocupa a mesma persoa.
- b) Exclúe ás persoas que non traballan temporalmente, pero que teñen "un vínculo formal co seu posto de traballo", por exemplo, "unha garantía de reincorporación ó traballo ou un acordo sobre a data de reincorporación". Este tipo de acordo entre un empregador e unha persoa en suspensión temporal de emprego ou en permiso de formación non se considera un posto de traballo no SEC.

**Postos de traballo equivalentes a tempo completo:** defínese como o total de horas traballadas dividido pola media anual das horas traballadas en postos de traballo a tempo completo no territorio económico.

**Horas traballadas:** representa a cifra global de horas efectivamente traballadas durante o período contable, no ámbito das actividades produtivas que se inclúen dentro da fronteira da produción. As horas efectivamente traballadas inclúen as horas extraordinarias, os períodos dedicados ao mantemento, reparación, preparación e limpeza, o tempo en situación de espera por motivos de falta de traballo e o correspondente a períodos breves de descanso no lugar de traballo. Exclúense de ditas horas as remuneradas pero non traballadas, por vacacións, enfermidade, os días festivos, as pausas para as comidas e os tempos de viaxe entre o fogar e o traballo.



### 3.2. Aspectos metodolóxicos xerais

O SEC-2010 mantén o capítulo dedicado ás contas rexionais<sup>11</sup>, no que as describe como unha especificación rexional das contas nacionais, e nas que fala de tres métodos de rexionalización:

- 1. Métodos ascendentes:** supón obter datos directamente das unidades na rexión e obter as estimacións rexionais por agregación. Ten a vantaxe de utilizar directamente as fontes pertinentes a escala rexional e por esta razón é o método que o SEC suxire como máis acertado para a estimación dos agregados dunha rexión.
- 2. Métodos descendentes:** supón distribuír a cifra nacional entre as rexións sen tratar de individualizala por unidades residentes, usando unha clave de distribución que reflecta o máis exactamente posible a característica que debe estimarse. O agregado asígnase a unha rexión e non a unha unidade individual. Porén, precisa da noción de unidade residente para ter unha cobertura rexional correcta da clave de distribución que debe utilizarse. Este método ten a vantaxe de garantir a coherencia entre os datos numéricos das contas nacionais e das contas rexionais e a desvantaxe de que as estimacións non se obteñen a partir de datos directos.
- 3. Métodos mixtos:** o método ascendente non se presenta polo xeral en estado puro polo que debe combinarse co método descendente.

No SEC-2010 indícase que as estimacións directas son preferibles ás indirectas, en particular indica que no caso de dispoñer de microdatos completos e fiables a nivel de establecementos (UAE locais) os valores rexionais poden estimarse de forma ascendente e serán coherentes cos nacionais.

Este é un principio que se ven aplicando nas estimacións das Contas Económicas de Galicia das distintas bases estimadas polo Instituto Galego de Estatística, de xeito que só se aplicará un método descendente cando sexa manifesta a imposibilidade de obter os datos directos das unidades rexionais involucradas.

---

<sup>11</sup> Ver SEC-2010, capítulo 13

### **3.3. Revisión Estadística 2024: revisión extraordinaria regular**

A oficina estatística da Comisión Europea (Eurostat) define as “revisións extraordinarias regulares” (“benchmark revision” ou “major regular revision”) como revisións nas fontes de datos ou ben nos métodos utilizados para a estimación das macromagnitudes das contas económicas<sup>12</sup>.

No caso particular da “Revisión Estadística 2024” (RE24), e no que respecta as Contas Económicas Anuais de Galicia, trátase dunha revisión extraordinaria regular realizada por criterios estatísticos: incorporación de novas fontes de información e mellora nos procedementos internos de estimación. Non se introducen cambios metodolóxicos (o Sistema Europeo de Contas 2010 segue vixente) nin nas clasificacións estándar (as ramas de actividades seguen a definirse consonte á Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009).

Na elaboración das contas económicas intégrase gran volume de información procedente de fontes de orixe e natureza diversa. Esta información sintetízase usando unha metodoloxía internacional, que axuda a transformar a información de base en información macroeconómica de síntese. Neste proceso as distintas fases están moi vinculadas entre si: as estimacións vía oferta, demanda e rendas condicionanse entre si. As melloras neste proceso, xunto coas novas fontes de información e a adaptación destas á metodoloxía vixente, son as responsables dos cambios estatísticos introducidos pola “Revisión estatística 2024”.

A RE24 na Unión Europea é unha revisión estatística coordinada, coa que Eurostat procura harmonizar os cambios de base contable nas contabilidades nacionais dos Estados Membros<sup>13</sup>, realizada simultaneamente coas estatísticas financeiras e de balanza de pagos que realiza o Banco Central Europeo.

#### **Integración de nova información estatística dispoñible.**

Sempre que se realiza un cambio de base contable (agora denominadas “Revisión estatísticas”) é o momento de integrar nova información estatística dispoñible. Así

---

<sup>12</sup> Véxase EUROSTAT (2019): “*Practical guidelines for revising ESA 2010 data*”. 2019 edition. No capítulo 4 e 5 define os tipos de revisión dos datos. Pode consultarse en <https://ec.europa.eu/eurostat/documents/3859598/9530664/KS-GQ-18-012-EN-N.pdf>

<sup>13</sup> Véxase <https://ec.europa.eu/eurostat/web/esa-2010/data-revision>

garántese a homoxeneidade das series contables ao mesmo tempo que contribuímos á actualización das fontes estatísticas. Na RE24 a nova información dispoñible foi a seguinte:

- Incorporación da información derivada dos "Censos de Población y Viviendas 2021". Aos efectos das Contas económicas anuais este cambio afecta de forma indirecta, a través da actualización dos resultados das enquisas: "Encuesta de Poboación Activa" (EPA) e "Encuesta de Presupuestos Familiares" (EPF).
- "*Estadística estructural de empresas*" (EEE) do Instituto Nacional de Estadística. Desde a edición de 2021 esta fonte incorpora ao seu ámbito de estudo as seccións P "Educación" e Q "Actividades sanitarias e de servizos sociais".
- Información tributaria: grazas ao acordo coa "Agencia Estatal de Administración Tributaria" (AEAT) o IGE recibe explotacións estatísticas de varios modelos tributarios, información de interese estatístico tanto para a realización das estimacións das magnitudes económicas como para o contraste de resultados intermedios. A principal novidade na RE24 é a nova explotación estatística do "Subministro Inmediato de Información" e do Modelo 347 "Declaración informativa. Declaración anual de operacións con terceiras persoas".

O IGE tamén recolle na revisión estatística os cambios nas estatísticas de síntese nacional, en particular os cambios na Contabilidade Nacional de España do INE. As estimacións do IGE seguen, por norma xeral, un criterio ascendente, é dicir, obtéñense por agregación da actividade económica das unidades institucionais que operan na nosa economía (empresas, fogares, administracións públicas, etc.). Porén, en determinadas actividades nas que a información autonómica é feble, recorreremos ás estimacións da contabilidade nacional do INE para rexionalizar (é dicir, aplicamos un criterio descendente).

O INE difundiu a "Revisión Estadística 2024. Serie 1995-2024" no mes de setembro<sup>14</sup> de 2024. Aquelas ramas nas que o IGE utiliza un criterio descendente están afectadas polos cambios introducidos polo INE.

Ademais, a devandita revisión realizouse de forma coordinada a nivel estatal: o Banco de España revisou as contas financeiras e as estatísticas de balanza de pagamentos; a *Intervención General de la Administración del Estado* (IGAE) as estatísticas das contas das administracións públicas. O IGE utiliza información deste

---

<sup>14</sup> Ver nota de prensa en: [https://ine.es/prensa/nota\\_RE\\_2024\\_CN\\_09.pdf](https://ine.es/prensa/nota_RE_2024_CN_09.pdf)

último organismo para a estimación da actividade da Administración Central en Galicia e para determinados impostos e subvencións. Os cambios realizados nas estimacións deste organismo están recollidos na Revisión Estatística 2024 do IGE.

### **Mellora nos procedementos internos de estimación**

O cambio de base contable representa unha oportunidade de mellora de procedementos internos de estimación. O desenvolvemento das liñas de actuación salientable (LAS) incluídas na programación anual xunto coa análise continua das estimacións realizadas suxire mellorar determinados procedementos internos que, en ocasións, implican cambios nas estimacións realizadas. Neste bloque, con respecto á RE24 destacaríamos:

- Desagregáronse as ramas de actividade incluídas na sección da CNAE "Actividades artísticas, recreativas e de entretemento". Difúndese a rama "R90\_92 Actividades artísticas, culturais, de xogos de azar e apostas" separada da "R93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento". Esta desagregación xorde grazas á LAS "Estudo de métodos e fontes estatísticas para elaborar unha análise do sector do deporte", incluída nos programas estatísticos de 2021 e 2022.
- Revisáronse as estimacións da rama de actividade "R56 Servizos de comida e bebida". Esta revisión derívase do contraste da información de síntese difundida polo INE xunto á información sectorial (vía enquisas, tributaria e de emprego) que afecta a esta rama de actividade.
- O IGE participa nun grupo de traballo xunto a técnicos do INE, institutos de estatística das Comunidades autónomas e "Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico" que acordou unha nova metodoloxía de estimación das macromagnitudes da rama "R35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado".
- Melloráronse as estimacións dos agregados "Gasto dos non residentes" e "Gasto dos residentes fóra do territorio económico". O principal cambio radica na estimación do gasto realizado por non residentes cuxo tipo de aloxamento principal son as vivendas de uso turístico.

### 3.4. Criterios de estimación específicos

#### 3.4.1. Criterios de estimación específicos introducidos na Revisión estatística 2024

##### **Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado**

O IGE participou no Grupo de Traballo "*Métodos para la estimación de la rama de actividad Suministro de energía eléctrica, gas, vapor y aire acondicionado (división 35 de la CNAE) en los sistemas de cuentas económicas del INE y de las Comunidades Autónomas*" que acordou unha metodoloxía para a estimación da rama de actividade.

A rama de actividade divídese en seis partes e estímase por separado a produción, consumos intermedios e valor engadido bruto. As seis partes son:

- Xeración de enerxía eléctrica: clases 3515, 3516, 3517, 3518 e 3519 da CNAE-2009.
- Transporte de enerxía eléctrica: clase 3512 da CNAE-2009.
- Distribución de enerxía eléctrica: clase 3513 da CNAE-2009.
- Comercialización de enerxía eléctrica: clase 3514 da CNAE-2009
- Produción de gas, distribución por tubeira de combustibles gasosos: clases 3521, 3522 e 3523 da CNAE-2009.
- Subministro de vapor e aire acondicionado: clase 3530 da CNAE-2009.

O esquema de estimación procura a estimación de compoñentes da produción e consumos intermedios por separado. Centrámolos na descrición da estimación da cifra de negocios, principal compoñente da produción, e na estimación dos consumos intermedios. Os principais trazos da estimación son os seguintes:

##### Xeración de enerxía:

A cifra de negocios, principal compoñente da produción, estímase, para cada tecnoloxía (hidráulica, eólica, etc) cun enfoque de "prezo por cantidade". As cantidades producidas obtéñense dos datos do "*Ministerio para la Transición Ecológica y Reto Demográfico*" e os prezos da información da "Encuesta Industrial de Productos" do INE.

Os consumos intermedios de cada tecnoloxía obtéñense a partir dos datos da EEE.

##### Distribución e transporte:

A produción destas subramas estímase a partir das retribucións reguladas que reciben as empresas da distribución e do transporte de electricidade. Estas retribucións son estimadas (para o conxunto estatal) pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) . A imputación á comunidade autónoma de Galicia realízase:

- Na distribución en función da enerxía distribuída por estas empresas.
- No transporte en función do peso de Galicia na produción das empresas transportadoras.

Os consumos intermedios estímase a través do cociente consumos intermedios / produción da EEE.

#### Comercialización:

O cálculo da cifra de negocios realízase a partir da información do consumo físico facturado polas comercializadoras (a través da información da CNMC) e dos prezos semestrais de enerxía eléctrica que difunde Eurostat.

A partir da EEE estímase os consumos intermedios, así como a produción secundaria.

#### Gas:

Para estimar a cifra de negocios utilízase un enfoque de prezo por cantidade, utilizando a cantidade consumida (clasificada por grupo de peaxe na información da CNMC) como proxy da produción. Os prezos utilizados son os publicados por Eurostat, segundo bandas de consumo.

Na estimación dos consumos intermedios interveñen tres tipos:

- Custo de aprovisionamento: estimado a partir da información da CNMC sobre aprovisionamento vía tubería ou gas licuado.
- Custos regulados polo sistema: son establecidos polo Estado e difundidos en informes pola CNMC.
- Custos de funcionamento das empresas: estimados a partir dos gastos en servizos exteriores da EEE.

#### Vapor e aire acondicionado:

Esta subrama estímase íntegramente a partir da EEE.

## Actividades artísticas, recreativas e de entretemento

A Secretaría Xeral do Deporte solicitou ao IGE que se avanzase na estimación das variables económicas do sector do deporte. Por este motivo, decidiuse modificar a difusión das ramas de actividade que integran a sección R da CNAE "Actividades artísticas, recreativas e de entretemento". Desde o ano 2021 en adiante separamos dita sección en dúas ramas<sup>15</sup>:

- R90\_92 Actividades artísticas, culturais, de xogos de azar e apostas.
- R93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento.

A principal novidade na estimación provén da utilización da información dos informes do "Consejo Empresarial del Juego" (CEJUEGO) para estimar a meirande parte da actividade da división 92.

A estimación da actividade de mercado do resto de divisións (90 e 91 na R90\_92; e división 93 na R93) combina información da EEE coa do Directorio de Empresas e Unidades Locais do IGE. A estimación de non mercado esixiu desagregar das fontes utilizadas (fundamentalmente liquidacións orzamentarias por nivel de administración) a actividade do deporte das actividades culturais, artísticas, etc., que ata esta Revisión estatística se trataban de xeito agregado.

O resultado cuantitativo é unha revisión á baixa das variables económicas nesta sección da CNAE.

## Gasto en consumo final dos non residentes

O gasto en consumo final dos non residentes estímase como produto entre o número de noites/excursións e o gasto medio por noite/excursión. Traballamos internamente con oito categorías de aloxamento (ademais do excursionismo) para os que estimamos noites e gasto medio diario.

As fontes estatísticas utilizadas para estimar as noites son as seguintes:

AGRUPACIÓN	Residentes no resto das CCAA	Residentes no estranxeiro
Hoteis e similares	INE. <i>Encuesta de ocupación hotelera. Resultados anuales</i>	INE. <i>Encuesta de ocupación hotelera. Resultados anuales</i>
Turismo rural	INE. <i>Encuesta de ocupación en alojamientos en turismo rural. Resultados anuales.</i>	INE. <i>Encuesta de ocupación en alojamientos en turismo rural. Resultados anuales.</i>

<sup>15</sup> Esta é a desagregación da sección da CNAE incluída no estándar de difusión A64 de Eurostat.

Cámpings	INE. <i>Encuesta de ocupación en campings. Resultados anuales.</i>	INE. <i>Encuesta de ocupación en campings. Resultados anuales.</i>
Albergues	2022: INE. <i>Albergues: encuesta de ocupación</i> 2016-2021: Retropolación número de peregrinos	2022: INE. <i>Albergues: encuesta de ocupación</i> 2016-2021: Retropolación número de peregrinos
Vivenda completa en aluguer	INE. <i>Encuesta de Turismo de Residentes (ETR)</i>	INE. <i>Encuesta de Gasto Turístico (EGATUR) – etapas en Galicia -</i>
Vivenda en propiedade	INE. <i>Encuesta de Turismo de Residentes (ETR)</i>	INE. <i>Encuesta de Gasto Turístico (EGATUR) – etapas en Galicia -</i>
Vivenda familiares e amigos	INE. <i>Encuesta de Turismo de Residentes (ETR)</i>	INE. <i>Encuesta de Gasto Turístico (EGATUR) – etapas en Galicia -</i>
Outro aloxamento	INE. <i>Encuesta de Turismo de Residentes (ETR)</i>	INE. <i>Encuesta de Gasto Turístico (EGATUR) – etapas en Galicia -</i>

Para a estimación do gasto medio diario utilizamos as seguintes fontes de información:

- INE. *Encuesta de Gasto Turístico (EGATUR)*, para estimar o gasto medio diario por persoa dos viaxeiros de fóra de España.
- INE. *Encuesta de Turismo de Residentes (ETR)*, para estimar o gasto medio diario por persoa dos viaxeiros residentes en España.

Da explotación dos datos de EGATUR obtemos o gasto medio diario por persoa dos turistas con destino principal Galicia segundo país de procedencia (que agrupamos en dous, Unión Europea e Resto do Mundo) e segundo o aloxamento principal.

Utilizamos o detalle das variables de gasto, xa que o gasto total, que inclúe o "Gasto total da viaxe/excursión", inclúe determinados gastos realizados na viaxe pero non en Galicia. Axustamos as seguintes categorías de gasto:

- Transporte de ida: non se considera realizado en Galicia
- Transporte internacional de ida e volta: pondérase para non rexistrar integramente en Galicia unha viaxe que non se realiza dentro do territorio económico de Galicia.



Na explotación da ETR temos en conta a Galicia como receptor, é dicir, Galicia como destino; e cuxo enquisado teña residencia noutra Comunidade autónoma. Deste conxunto obtemos o número de noites, o gasto medio por persoa e día, segundo o tipo de aloxamento utilizado.

Utilizamos o detalle das variables de gasto, xa que o gasto total, que inclúe o gasto da viaxe, inclúe determinados gastos realizados na viaxe pero non en Galicia, en concreto o "Gasto en transporte" non se considera integramente realizado en Galicia (e por tanto GNR). Por este motivo, este gasto pondérase á metade.

No caso do gasto medio diario por persoa calculado para aloxamento en vivenda de propiedade agregamos unha imputación do gasto en alugueiro imputado. Esta estimación realízase a partir da Enquisa Estrutural a Fogares (EEF) do IGE<sup>16</sup>.

No caso do excursionismo a explotación parte das mesmas premisas: obter un gasto medio diario por excursión.

As diferenzas con respecto á estimación na Revisión Estatística 2019 son as seguintes:

- As oito categorías actuais agrupábanse en dous bloques: turismo regrado / non regrado. Porén, a presenza cada vez máis relevante das vivendas de uso turístico (VUT) provoca que a información estatística de ocupación non recolla ben este fenómeno, e que a fronteira entre regrado e non regrado estea difusa. Por este motivo, a estimación das noites neste tipo de aloxamento realízase agora coa combinación de ETR e EGATUR.
- As noites empregadas para a estimación do gasto diario medio por persoa dos turistas con destino principal Galicia obtéñense como suma das noites das etapas con destino principal Galicia procedentes de EGATUR. En anos anteriores empregábanse as noites das viaxes con destino principal Galicia.
- As noites en albergues estimados pola estatística de ocupación do INE non recollían como unidades obxecto de estudo todos os albergues de Galicia. Isto deixa de ocorrer en 2022, polo que en anos anteriores as cifras infrarrepresentaban o fenómeno. Na RE24 retropolamos a serie desde 2022 con información auxiliar.

---

<sup>16</sup> Trátase de determinar o gasto medio diario por persoa imputable por desfrutar dunha vivenda en propiedade. Partimos dunha estimación do alugueiro mensual por fogar que dividimos polo número medio de persoas nun fogar promedio e polo número de días do mes.

O resultado desde cambio de criterio (e fontes estatísticas) é unha revisión a alza do gasto dos non residentes.

### **3.4.2. Criterios de estimación específicos que xa se adoptaban antes da Revisión estatística 2024**

#### **Tratamento dos “Ingresos de carácter financeiro das sociedades holding”**

Entre o cambio de base contable 2010 e a revisión estatística 2019 modificáronse os modelos de perdas e ganancias que deben depositar as empresas no Rexistro mercantil. O principal cambio está na inclusión da variable “Ingresos de carácter financeiro das sociedades holding” dentro do apartado de “Importe neto de cifra de negocios”. Esta variable recolle aqueles dividendos ou outros ingresos financeiros obtidos do financiamento das sociedades participadas pola sociedade que declara o ingreso, sempre que a tenza das participacións en sociedade constituía parte da actividade ordinaria da empresa.

Na estimación das variables do sistema de contas a partir das variables contables das empresas (sistema intermediario) inclúese o “Importe neto da cifra de negocios” na estimación da variable “Producción”. Ata as modificacións dos modelos de perdas e ganancias non era posible identificar de forma sistemática os ingresos financeiros que certas empresas xa viñan recollendo na súa cifra de negocios por actividade ordinaria, polo que estes ingresos estaban incluídos na produción.

As estimacións realizadas na RE24, como xa se facía na RE19, exclúen do cálculo da produción estes ingresos.

#### **Pesca extractiva**

O criterio empregado para identificar as unidades residentes no territorio económico galego que integran a rama produtiva pesqueira nas Contas Económicas Anuais, é o criterio de porto base. É dicir, enténdese como actividade produtiva galega aquela realizada polos buques con porto base en Galicia. Isto implica considerar a unidade “buque” como unidade de actividade económica local (establecemento). Este criterio leva implícito unha forma de dirixirnos ao sector para obter información, xa que a unidade buque constitúe a chave na obtención da información necesaria para a elaboración das contas económicas de Galicia.

Debe realizarse outra precisión na delimitación das unidades que integran a rama de actividade pesqueira de Galicia. As actividades dos barcos-factoría que se dedican exclusivamente á elaboración e conservación do peixe non se deben incluír nesta rama senón na rama de transformación, porén, as actividades dos barcos-factoría que practican simultaneamente a pesca e a elaboración e conservación do peixe sí deben incluírse na rama da pesca extractiva. Estas precisións veñen recollidas na CNAE-2009.

### **Comercio exterior**

O principal criterio na estimación do comercio exterior no sistema de contas económicas de Galicia é que en ningún caso se rexistran exportacións de produtos importados. Dito doutro modo, toda exportación galega ten orixe en produción interior.

Ademais aqueles bens que entran a través do resto de España pero teñen orixe noutros países non se rexistrarán como importacións do resto de España, senón como importacións doutros países.

Este criterio difire, nalgúns casos, do que indica o SEC-2010 ou mesmo a balanza de pagamentos. A continuación, e co obxectivo de clarificar o tratamento do comercio exterior, explicamos catro tipos de intercambios comerciais e como recollen tanto o sistema de contas económicas como a balanza de pagamentos estas operacións:

- **Bens en tránsito:** o SEC indica que nas importacións e exportacións non figuran os bens en tránsito nun país<sup>17</sup>, aínda que poidan cruzar a fronteira nacional. Neste caso non hai cambio de propiedade, e a transacción non está incluída nas cifras da Axencia Tributaria, polo que non cabe ningún axuste.
- **Equipos e outros bens enviados ao estranxeiro para a súa transformación, mantemento, reparación ou revisión**<sup>18</sup>. Non debe rexistrarse unha exportación polo valor do ben enviado, senón soamente unha importación do servizo. O caso máis habitual en Galicia serían as entradas de buques para ser reparados, cuxa entrada non debe rexistrarse como importación senón como exportación de servizos de reparación.

---

<sup>17</sup> SEC-2010, 3.166 a)

<sup>18</sup> SEC-2010, 3.166 d)

- **O rexistro da compravenda:** a compravenda prodúcese naquelas transaccións de bens nas que a posesión física dos bens por parte do propietario non é necesaria para que o proceso teña lugar. Se unha unidade residente na economía galega adquire a un non residente un ben (importación) que inmediatamente revende sen transformar e sen que entre en Galicia a un non residente (exportación) o manual da balanza de pagamentos di que debe rexistrase unha exportación negativa pola adquisición e unha exportación positiva pola venda. No caso do comercio co resto de España as fontes de información non permiten realizar axustes deste tipo de forma homoxénea en todos os produtos que forman o noso marco. No caso do comercio co resto de países as estatísticas da Axencia Tributaria non permiten distinguir este tipo de fluxos. Por estes motivos nas contas económicas non se rexistra ningunha exportación de produto previamente importado.
- **As reexportacións:** os bens reexportados son bens estranxeiros (importados previamente) que son exportados sen transformacións relevantes con respecto ao estado no que foron importados inicialmente. Estes bens inclúense nas balanzas de pagamentos dun país porque son adquiridos por un residente e revendidos pasando a través do territorio. No sistema de contas económicas de Galicia, dadas as estimacións da produción interior, coñecemos aquela produción que se exporta, e as exportacións á Unión Europea e ao resto do mundo do produto importado. Porén, poden existir exportacións ao resto de España do produto importado previamente dende unha aduana galega. Estes fluxos non se poden determinar dunha maneira homoxénea para todos os produtos, o que desvirtuaría o nivel do agregado difundido nas contas e a súa interpretación económica.

Cadro 1: Esquema comercio exterior

	<b>Bens en tránsito</b>	<b>Bens enviados ao estranxeiro para ser reparados ou transformados</b>	<b>Compravenda de bens (comercio triangular ou merchanting)</b>	<b>Reexportacións</b>
¿Existe cambio de propiedade dos bens e polo tanto debe rexistrarse como comercio exterior?	<b>NON</b>	<b>NON</b>	<b>SI</b>	<b>SI</b>
¿Como se recollería nunha balanza de pagamentos?	Non se recolle	Non se recolle como exportación a saída do ben para ser reparado e só a importación do servizo de reparación	Rexístrase unha exportación negativa pola importación e positiva pola exportación	Recóllese (e proponse facer unha distinción das exportacións "normais")
¿Rexístrase nos ficheiros de comercio exterior que proporciona a AEAT?	Non. Non é necesario	Non, dende a vixencia da Sexta edición do manual da balanza de pagamentos	Non se detectan exportacións negativas nestes ficheiros	Non se coñece se é unha reexportación ou non
¿Hai cambios no tratamento no novo SEC?	Non	Si	Si	Non
¿Recóllese estes fluxos nas contas económicas?	Non	Só as exportacións (ou importacións) dos servizos de reparacións	Non	Non

## **Transporte**

O manual "Métodos de Contabilidad Regional" de Eurostat, monográfico sobre o cálculo do valor engadido bruto e a formación bruta de capital fixo por rama de actividade trata polo miúdo os métodos de estimación axeitados no caso das ramas de actividade correspondentes (entre outras) á sección H Transporte e almacenamento da CNAE-2009.

No caso do transporte aéreo e ferroviario recomenda usar un métodoseudodescendente, xa que asume a dificultade para ter datos cos que afrontar un enfoque ascendente. Estas dificultades proveñen principalmente de que, na maioría dos casos, se trata de grandes empresas multirrexionais.

No Sistema de contas económicas de Galicia considerouse que a información de base sobre o transporte ferroviario sí era de calidade suficiente para afrontar una estimación ascendente.

Porén, no caso do transporte aéreo, en ausencia de información de calidade para unha estimación ascendente, optouse pola fórmula proposta no manual. Deste modo empregouse un enfoqueseudodescendente baseado na renda, calculando por separado remuneración de asalariados e excedente de explotación bruto. No caso da remuneración de asalariados asígnase á rexión que emprega a estes. O excedente asígnase á rexión usando indicadores relativos á actividade aérea na comunidade autónoma galega: movemento de pasaxeiros e de mercadorías. Para estimar os impostos e as subvencións recórrese a métodos descendentes, usando como chave de distribución os indicadores usados para estimar o excedente.

### **Ramas de actividade nas que se realiza unha estimación descendente**

Nas estimacións das contas económicas de Galicia das distintas bases estimadas polo IGE só se aplica un método descendente cando é manifesta a imposibilidade de obter os datos directos das unidades rexionais involucradas. O método descendente consiste en rexionalizar o dato ofrecido pola "*Contabilidad Nacional de España*", que elabora o INE, utilizando unha variable ou un conxunto de variables que describan a actividade que pretendemos estimar. As ramas nas que se realiza unha estimación descendente son: "Construción", "Actividades financeiras e de seguros" e "Actividades asociativas".

#### 4. Fontes de información

As contas económicas son unha estatística de síntese que utiliza toda a información dispoñible no sistema estatístico, tanto a procedente de enquisas dirixidas a empresas ou a fogares, rexistros administrativos, información puntual de empresas ou da Administración Pública, etc.

Detállanse a continuación as principais fontes de información da estimación das contas económicas anuais. Cómpre ter en conta que todas as fontes estatísticas deben ser sometidas previamente a un *sistema intermediario* que permita adaptar os seus resultados ás características dos conceptos en termos SEC-2010 e posteriormente son sometidos a un proceso de axuste e confrontación das diversas fontes estatísticas, polo que os resultados obtidos nesta estatística de síntese non serán os obtidos directamente dunha fonte de información determinada.

##### 4.1. Sector primario.

A principal fonte de información da rama 01 da Clasificación Nacional de Actividades Económicas, correspondente á agricultura e gandería son as "*Cuentas Regionales de la Agricultura*", que ofrece desde 2011 o *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*. Na actualidade esta é a única información de síntese elaborada por un organismo público<sup>19</sup>.

Outras fontes de información son o "Anuario de estadística agraria" da Consellería do Medio Rural.

Con respecto á rama da pesca a principal fonte de información é a subministrada pola Consellería do Mar, que ofrece datos de producións por tipo de cultivo e segmentos de frota pesqueira. O Servizo de Análise e de Rexistros desta consellería publicou en 2012 a primeira edición da "Enquisa sobre a poboación ocupada nos sectores da pesca e da acuicultura mariña en Galicia. OCUPESCA<sup>20</sup>.", e a última edición é a de 2021. Esta operación, que conta coa colaboración do IGE, ofrece datos de emprego pero tamén información económica das unidades do sector (de consumos intermedios e investimentos), información de gran utilidade para a elaboración das contas económicas.

---

<sup>19</sup> A Consellería do Medio Rural e do Mar dispón de series desta operación ata o ano 2008.

<sup>20</sup> Véxase a edición de 2021 en: [https://www.pescadegalicia.gal/Publicaciones/pdfs/Ocupesca\\_2021.pdf](https://www.pescadegalicia.gal/Publicaciones/pdfs/Ocupesca_2021.pdf)

A información subministrada pola Consellería complementábase coas "*Estatísticas de la pesca y la acuicultura*" publicadas polo *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación*.

Na rama da silvicultura utilízanse datos difundidos pola Axencia Galega da Industria Forestal nos informes sobre a Cadea forestal-madeira<sup>21</sup>, elaborados pola Escola de Enxeñaría Forestal da Universidade de Vigo. Esta información complementábase cos datos contables que as empresas do sector depositan no rexistro mercantil.

#### **4.2. Sector enerxético**

Dentro do sector enerxético, para a estimación das macromagnitudes correspondentes á sección "B Industrias extractivas" emprégase información da EEE e da "*Estadística Minera de España*", elaborada polo *Ministerio para la Transición Ecológica y Reto Demográfico*. Previa petición, dispoñemos dos microdatos correspondentes ás explotacións mineiras situadas en Galicia.

Para a estimación das sección "D. Enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado", como xa se comentou nesta metodoloxía, utilízase:

- Información de produción por tecnoloxía do *Ministerio para la Transición Ecológica y Reto Demográfico*.
- Información de prezos da produción da "*Encuesta Industrial de Productos*".
- Información de prezos de consumo doméstico e non doméstico, de electricidade e de gas, difundida por Eurostat.
- Información de consumo físico de electricidade e gas, difundido pola CNMC. Tamén se utilizan os informes sobre as actividades reguladas que difunde este organismo.
- No que respecta á información xerada pola administración autonómica galega utilízase o "*Balance enerxético de Galicia*" que ten por obxectivo informar sobre a orixe das fontes de enerxía que se transforman en Galicia, e a súa distribución e comercialización posterior. Malia que non contén información económica, é un referente no que respecta a información en unidades físicas.

---

<sup>21</sup> Referencia ao último difundido  
[https://xera.xunta.gal/sites/default/files/Cadena%20Forestal%20Madera%202022\\_2023.pdf](https://xera.xunta.gal/sites/default/files/Cadena%20Forestal%20Madera%202022_2023.pdf)



Para a estimación das sección "E. Subministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación" utilízase información da EEE fundamentalmente.

### **4.3. Sector industrial**

No sector industrial a principal fonte de información é a "*Estadística estructural de Empresas: sector industrial*" do INE. Esta estatística vai dirixida a máis de 3.800 empresas industriais con algún establecemento produtivo en Galicia e proporciona gran cantidade de información, sendo fundamental para a valoración económica deste sector. Porén, presenta importantes problemas á hora de rexionalizar os resultados das empresas multilocalizadas, é dicir, aquelas que teñen a súa sede social fóra de Galicia e establecementos en Galicia e á inversa, a súa sede en Galicia e establecementos noutras comunidades autónomas. Así mesmo, presenta resultados pouco coherentes con outras fontes de información no caso das empresas que presentan establecementos con distintas actividades.

Outra fonte chave para a estimación do sector industrial é a "*Encuesta Industrial de Productos*", complementaria da anterior, pero cunha mellor delimitación da actividade industrial por establecementos.

Unha das principais finalidades das estatísticas de síntese é precisamente buscar a coherencia entre os resultados obtidos por diferentes fontes de información mediante a confrontación dos mesmos.

Para salvar os inconvenientes da "*Estadística estructural de Empresas: sector industrial*" elabórase desde o Instituto Galego de Estatística unha enquisa bienal dirixida ás empresas industriais multilocalizadas. Obtense así información económica básica destas empresas na súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, sendo de especial importancia no caso dalgunhas empresas cun peso moi relevante na súa rama e que ademais poden presentar unha estrutura produtiva moi distinta á que presentan no conxunto de España.

A estimación da rama de actividade de refino de petróleo, a partires do ano 2005, recolle o acordo acadado entre o INE e as nove CCAA nas que se realiza esta actividade económica. Unha vez acordada a metodoloxía a aplicar para a estimación das contas de produción e explotación por CCAA, os resultados obtéñense da

conciliación da información procedente da *"Estadística estructural de Empresas: sector industrial"*, *"Encuesta Industrial de Productos"*, *"Encuesta de Consumos Intermedios e Inversión"* do INE, así como información directa das empresas que teñen como actividade principal o refino de petróleo.

#### **4.4. Construción**

As principais fontes de información da actividade construtora en Galicia son proporcionadas polas estatísticas do *Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible*, como a enquisa: *"Estructura de la industria de la construcción"* cuxo obxectivo é o coñecemento das principais macromagnitudes do sector da construción. Ofrece datos por comunidades autónomas desde o ano 2001. O IGE dispón, previa petición ao ministerio, dos microdatos sen anonimizar desta enquisa.

O IGE elabora a actividade estatística *"Seguimento e análise da construción"*<sup>22</sup> que sintetiza a información conxuntural que existe sobre o sector no sistema estatístico de Galicia. Esta información é de gran utilidade e inclúe datos que proveñen do *Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible*, *Instituto Nacional de Estadística* e do propio IGE. A información combina indicadores de oferta (visados de obra nova, licencias de obra, etc.) con indicadores de demanda (vivendas transmitidas, número e importe de hipotecas, etc.). Recóllese nesta actividade estatística información de obra pública, prezos da vivenda e outros indicadores como accesibilidade á vivenda.

#### **4.5. Sector servizos de mercado**

Este sector presenta diversas fontes de información, debido á heteroxeneidade das actividades que se inclúen no mesmo. A principal fonte de información é a *"Estadística estructural de Empresas: sector comercio y sector servicios"* do INE, enquisa anual de carácter estrutural dirixida ás empresas dedicadas ao comercio, turismo, transporte, tecnoloxías da información, actividades inmobiliarias e alugueres, servizos prestados ás empresas e servizos persoais. Xunto con esta estatística, é de especial relevancia a *"Estadística de productos en el sector servicios"*, co mesmo ámbito de estudo que a anterior pero que permite coñecer as

---

<sup>22</sup> Ver [https://www.ige.gal/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?codigo=0304003](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?codigo=0304003)

características específicas de cada unha das actividades que compoñen o sector servizos.

Unha das novidades da RE24 é a inclusión das actividades de educación, sanidade e servizos sociais dentro do ámbito de estudo da EEE. No caso dos servizos sociais, contamos coa "Enquisa a entidades prestadoras de servizos sociais" que elabora o IGE.

Nas ramas financeiras a principal fonte de información é a proporcionada polo Banco de España, *Ministerio de Economía, Comercio y Empresa* e diversas asociacións da banca e empresas de seguro. As publicacións da *Investigación cooperativa entre Entidades Aseguradoras y Fondos de Pensiones (ICEA)* son a base para as estimacións do sector seguros.

Outras fontes de información son as memorias elaboradas polas grandes empresas de telecomunicacións e transporte, ou polos grupos empresariais comerciais que existen en Galicia.

A estimación dos alugueiros imputados realízase combinando información da Enquisa Estrutural a fogares que realiza o IGE e información do "*Censo de Población y Viviendas 2011*" do INE. Esta estimación é coherente coa utilizada na operación estatística do IGE "Renda municipal do sector fogares"<sup>23</sup>.

A estimación do servizo de persoal doméstico remunerado obtense principalmente da "Enquisa Estrutural a Fogares" do IGE, da "*Encuesta de Presupuestos Familiares*" do INE así como da "*Memoria de la Tesorería de la Seguridad Social*" e o "*Anuario de Estadísticas*" do *Ministerio de Trabajo y Economía Social*.

#### **4.6. Sector servizos de non mercado**

Os servizos de non mercado prestados polas administracións públicas estímense a partir da información obtida das liquidacións orzamentarias e contas anuais dos distintos organismos. Na súa estimación nas contas económicas distinguimos catro niveis:

---

<sup>23</sup> Ver metodoloxía en [https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_Renda\\_municipal\\_R2019\\_gl.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_Renda_municipal_R2019_gl.pdf)

- **Autonómica:** para a súa estimación utilízanse as liquidacións orzamentarias da Xunta de Galicia, Organismos Autónomos, Axencias, Entes. No caso das Sociedades Públicas, e outras entidades do sector público autonómico emprégase información recollida nas contas anuais. Esta información está accesible na súa meirande parte en formato electrónico, porén nalgúns casos é preciso consultar cada unha das contas anuais de determinadas unidades, especialmente naqueles casos nos que hai que delimitar a súa pertenza ao sector administracións públicas. Dentro do nivel autonómico temos que destacar a información procedente das tres universidades públicas galegas, fundamentais para a estimación dunha boa parte da rama de actividade da educación e da de I+D de non mercado.
- **Local:** o *Ministerio de Hacienda* difunde os datos orzamentarios das entidades locais cun gran nivel de detalle. Esta información permite delimitar e asignar por rama de actividade a actuación da administración local na economía galega.
- **Estatal:** a principal dificultade para estimar os servizos de non mercado prestados polas administracións públicas é estimar a parte da actuación da administración do Estado en Galicia. Para este fin utilizamos a información difundida pola IGAE sobre a administración central e os datos de emprego recollidos no "Registro Central de Personal".
- **Seguridade social:** rexionalízanse as contas de produción e explotación do subsector seguridade social publicadas pola IGAE a nivel nacional.

#### 4.7. Información xeral de empresas

Unha das fontes de información amplamente utilizada é a información económico-financeira depositada polas sociedades no Rexistro Mercantil e que permite manexar datos de actividade, financiamento, investimento, rendibilidade, emprego e produtividade de máis de cincuenta mil sociedades con sede en Galicia e referente a tódalas ramas de actividade agás o sector primario e servizos de non mercado. Ademais desta información cuantitativa é especialmente relevante en determinados casos, a información cualitativa contida nas memorias e nos informes de xestión que

as empresas fan públicas xunto coas súas contas de perdas e ganancias e os seus balances.

O "Directorio de empresas e unidades locais" do IGE proporciona información da actividade, localización, personalidade xurídica e estrato de asalariados de máis de 200 mil empresas de tódalas ramas de actividade.

#### **4.8. Emprego**

As principais fontes de información manexadas para a estimación das variables de emprego son: a "*Encuesta de Población Activa (EPA)*" e a "*Encuesta de Coste Laboral*", ámbalas dúas elaboradas polo INE; a información de persoal que proporcionan as estatísticas dirixidas a empresas xa mencionadas nos apartados anteriores, en especial a "*Estadística estructural de Empresas*" do INE. O "*Registro Central de Personal*" do Ministerio de para la transformación digital y de la Función Pública proporciona datos do emprego nas Administracións Públicas, datos que foron contrastados cos proporcionados Función Pública con respecto ao persoal da Xunta de Galicia.

Unha fonte básica é a información de emprego da Seguridade Social, en particular utilízanse os ficheiros de afiliacións e de contas de cotización á Seguridade Social recibidos polo Instituto Galego de Estatística con base ao Convenio de colaboración asinado coa Tesorería General de la Seguridad Social e co Instituto Social de la Marina polo cal se establece un sistema estable e periódico de intercambio de información para o aproveitamento con fins estatísticos.

Para a estimación dos datos de emprego manexáronse tódalas estatísticas pertinentes en cada rama de actividade e realizáronse os axustes necesarios a través dun *sistema intermediario* que permite traducir as variables de cada fonte estatística ás variables de emprego en termos SEC, ao non adaptarse totalmente ás necesidades estatísticas das contas económicas ningunha das fontes mencionadas.

Posteriormente decidiuse a estimación máis coherente e finalmente, contrastáronse estas estimacións coas das variables económicas, analizando diversos ratios de produtividade, ganancia, etc.

As variables que se publican tódolos anos son a persoas, os postos de traballo, os postos de traballo equivalentes a tempo completo e as horas efectivas traballadas, distinguindo para todas as variables asalariados e non asalariados.

#### **4.9. Impostos e información tributaria**

Para a estimación dos impostos sobre a produción e as importacións utilízase información procedente dos *"Informes sobre la financiación definitiva de las Comunidades Autónomas a través del sistema de financiación"* difundidos polo *Ministerio de Hacienda*. Estes informes cobren unha boa parte dos impostos sobre os produtos, porén nin recolle todos nin ofrece información sobre aos "Outros impostos sobre a produción e as importacións". É preciso utilizar información procedente fundamentalmente das liquidacións orzamentarias das entidades locais, datos de recadación de impostos propios de carácter autonómico, información da IGAE, etc.

Neste apartado son de gran utilidade as estatísticas tributarias que elabora a *Agencia Tributaria*, e en particular, os informes de recadación tributaria anuais.

Como xa ocorría na RE19, para a elaboración das contas anuais en RE24, contamos con información tributaria agregada por rama de actividade. Esta información recíbese en virtude do acordo entre administracións tributarias do Estado e das comunidades autónomas asinado no ano 2017. A información recibida son explotacións estatísticas dos modelos tributarios seguintes: Modelo 100 (IRPF), Modelo 190 (Resumo anual de retencións e ingresos a conta), Modelo 349 (IVE. Declaración recapitulativa de operacións intracomunitarias) e Modelo 200 (Imposto sobre sociedades). A principal novidade na RE24 é a nova explotación estatística do "Subministro Inmediato de Información" e do Modelo 347 "Declaración informativa. Declaración anual de operacións con terceiras persoas".

#### **4.10. Demanda**

A *"Encuesta de Presupuestos Familiares (EPF)"* proporciona información acerca do gasto en consumo final e autoconsumo, e constitúe a fonte de referencia para estimar o gasto en consumo final. Porén, para determinados produtos, utilízase

información complementaria. Unha destas fontes é a "*Base de datos de consumo en hogares*" que difunde o *Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación* e que proporciona información con gran nivel de detalle sobre o consumo alimentario por comunidade autónoma.

Outras fontes complementarias para a estimación do gasto en consumo final son as estatísticas do mercado de tabacos<sup>24</sup>, a información sobre matriculación de vehículos<sup>25</sup>, sobre o transporte de pasaxeiros polos aeroportos galegos<sup>26</sup>, a enerxía eléctrica consumida ou a propia información estimada pola vía da oferta para determinadas ramas de actividade da economía galega.

Para a estimación da formación bruta de capital fixo utilízase a información sectorial. É dicir, da información que se utiliza por rama de actividade para estimar as contas de produción e explotación pódese extraer información do investimento. Naquelas ramas de actividade nas que se usa un criterio descendente utilizamos a información das "*Matrices de formación bruta de capital fijo*" elaboradas polo INE.

No que respecta á demanda externa son de gran importancia as estatísticas da *Agencia Tributaria* no que fai referencia aos datos de comercio exterior. Para a estimación do comercio co resto de España de novo se recorre á información sectorial, para coñecer por produtos, ou grupos de produtos, o volume de vendas e compras co resto do Estado español.

Para a estimación do gasto en consumo final de residentes fóra de Galicia e gasto de non residentes en Galicia, utilízase a información do INE. Desde 2015 o INE realiza a "*Estadística de movimientos turísticos en frontera. Frontur*" e a "*Encuesta de gasto turístico. Egatur*." Ademais, elabora a nova "*Encuesta de turismo de residentes*". Os cambios introducidos por estas fontes melloraron as estimacións do gasto dos non residentes, así como complementaron a información de oferta das operacións de ocupación hoteleira do INE ("*Encuesta de ocupación hotelera*", "*Encuesta de ocupación en acampamentos turísticos*", "*Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural*" e "*Encuesta de ocupación en apartamentos turísticos*").

---

<sup>24</sup> Difundidas polo "*Comisionado para el mercado de tabacos*", organismo autónomo adscrito á Subsecretaría do *Ministerio de Hacienda*

<sup>25</sup> Difundidas pola *Dirección General de Tráfico*

<sup>26</sup> Estatísticas sobre tráfico aéreo, que difunde o *Ministerio de Fomento*

## **5. Presentación de resultados**

A información que se proporciona anualmente é a seguinte:

- Estimación do Cadro Macroeconómico, que proporciona o Produto Interior Bruto (PIB) a prezos correntes e polas tres vías.
- Conta de bens e servizos da economía galega.
- Conta de produción e explotación da economía galega.
- Emprego dos grandes sectores de actividade.
- Indicadores derivados
- Sectores característicos da economía galega
- Contas de produción e explotación e as estimacións do emprego a 72 ramas de actividade.



## ANEXO I. DIFERENZAS ENTRE AS CONTAS ECONÓMICAS ANUAIS DO INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA E A "CONTABILIDAD REGIONAL DE ESPAÑA" DO INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA

As diferenzas entre a información macroeconómica de Galicia difundida polo IGE e a difundida polo INE proveñen de dous factores fundamentais: dunha metodoloxía diferente e do uso de fontes diferentes:

- Metodoloxía: O IGE utiliza fundamentalmente o criterio ascendente, isto é, obtén datos directamente das unidades na rexión e obtén as estimacións rexionais por agregación. O INE utiliza o criterio descendente, é dicir, distribúe a cifra nacional entre as rexións sen tratar de individualizala por unidades residentes, usando unha clave de distribución que reflecta o máis exactamente posible a característica que debe estimarse.
- Fontes de información: O IGE utiliza todas as fontes dispoñibles no sistema estatístico que acheguen información sobre Galicia. Isto inclúe fontes exclusivamente realizadas para a Comunidade autónoma (elaboradas polo IGE ou as Consellerías, por exemplo) e fontes dispoñibles para todas as comunidades autónomas (habitualmente elaboradas polo INE ou os Ministerios). Para a aplicación do criterio descendente que aplica o INE, será preciso dispor de información para todas e cada unha das rexións do Estado español.

Como resultado dunha metodoloxía e unhas fontes de información diferentes, existen **diferenzas no alcance** da información macroeconómica elaborada por un e outro instituto de estatística para Galicia. A información do INE garda coherencia territorial no Estado (o total estatal distribúese por Comunidade autónoma) e é a información utilizada para o deseño, execución e seguimento das políticas rexionais a escala europea. A información do IGE ofrece ao usuario máis desagregación temporal, sectorial e territorial.

O cadro macroeconómico do IGE permite coñecer a estimación do PIB polas tres vías, no caso da oferta achega información para 72 sectores (polos 11 da *Contabilidad Regional* do INE). Ademais, o IGE elabora unha contabilidade trimestral, un Marco Input-Output así como información territorial do PIB e da renda dos fogares. Este conxunto de operacións constitúen un sistema de contas económicas integrado e coherente no que o obxectivo é o coñecemento da economía galega.

Cadro 2: Información macroeconómica sobre Galicia. Diferencias de alcance entre a información difundida polo IGE e a difundida polo INE.

		<b>IGE</b>	<b>INE</b>
<b>Contas económicas anuais. Cadro macroeconómico</b>	<b>Oferta</b>	Dispoñible para 72 sectores	Dispoñible para 11 sectores
	<b>Demanda</b>	Dispoñible	Non dispoñible. Difunden estimacións de Gasto en consumo e formación bruta de capital
	<b>Rendas</b>	Dispoñible para 72 sectores	Dispoñible para 11 sectores
<b>Contabilidade trimestral</b>		Dispoñible	Non dispoñible
<b>Marco Input-Output</b>		Dispoñible (1998, 2005, 2008, 2011, 2013, 2016, 2018 e 2021)	Non dispoñible
<b>Contas satélites</b>		Dispoñibles (Matriz de Contabilidade Social, Conta Satélite da Producción Doméstica, Conta satélite da cultura)	Non dispoñible
<b>Desagregacións territoriais</b>	<b>Renda dos fogares</b>	Dispoñible	Non dispoñible
	<b>PIB por concellos</b>	Dispoñible (ano 2010, 2012, 2014, 2016, 2018 e 2020)	Non dispoñible